| Participante | | Baremo | | | | | | | | Orixe | | | Destino | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| DNI | Apelidos e nome | A | B | C | D | E | F | G | Total | Centro | Es. | Nome centro | Centro | Es. | Nome centro |
| 33826750Y | Yebra Fernández, Fe Purificación | | | | | | | | | | | | 36024069 | 31 | CRA de Ponteareas, Ponteareas |
| 76802509N | Zalabeite Meijomín, Rosa | | | | | | | | | | | | 15014544 | 31 | CEIP O Grupo, Ribeira |
| 32762155N | Zapata Amor, Mª José | | | 20,1666 | 20,1666 | 2,0000 | | 2,0000 | 44,3332 | 15003005 | 36 | CPI Vicente Otero Valcárcel, Carral | 15003005 | 38 | CPI Vicente Otero Valcárcel, Carral |
| 35306105R | Zapata Rodríguez, Roberto | 28 | | | 17,1666 | 3,5000 | 1,5000 | 10,0000 | 60,1666 | 36016619 | 34 | CEIP de Atín-Cela, Mos | 36009998 | 34 | CEIP de Mosteiro-Bembrive, Vigo |
| 32440723M | Zas Rey, Mercedes | 28 | | | 16,1666 | 3,0000 | | 4,8320 | 51,9986 | 36012407 | 32 | CEIP A Lomba, Vilagarcía de Arousa | 15032649 | 32 | EEI de Milladoiro, Ames |
| 12729103Y | Zurita San Millán, Mª Dolores | 1 | | | 8,1666 | 2,0000 | 1,5000 | 7,0000 | 19,6666 | 15026765 | 38 | CEIP Milladoiro, Malpica de Bergantiños | 15007886 | 38 | CEIP Ramón Otero Pedrayo, Laracha, A |

*Resolución do 13 de marzo de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se resolve provisionalmente o concurso de traslados para a provisión de prazas vacantes na Inspección Educativa.*

Por Orde do 31 de outubro de 2007 convocouse concurso de traslados para a provisión de prazas vacantes na Inspección Educativa.

Procede agora facer pública a adxudicación provisional de destinos obtidos neste concurso de traslados. Na súa virtude, esta secretaría xeral

*DISPÓN:*

Primeiro.-En virtude desta resolución provisional de concurso de traslados, adxudicarlles destino provisional aos inspectores que figuran no anexo nas prazas que alí se especifican.

Segundo.-Contra esta resolución provisional, segundo o establecido na base décimo primeira, da Orde do 31 de outubro de 2007, cabe reclamación no prazo de dez días, contados a partir da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. O prazo de renuncias será do 7 ao 11 de abril de 2008, ambos os dous incluídos. Non obstante, serán admitidas as reclamacións e renuncias presentadas con anterioridade.

Terceiro.-As reclamacións e renuncias poderanse presentar en calquera das dependencias a que alude o artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dirixidas á secretaría xeral da consellería.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2008.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

*ANEXO*

511600-Xeneralista.
DNI: 036040761.
Nome: Amoedo Barciela, Elisa Isabel.
Puntuación: 86.08.
AP11: 81.48.
AP12: 0.
AP13: 4.6.
AP21: 0.
AP22: 0.
AP23: 0.
Centro adxudicado: 36990038-DEP Inspección de Vigo.
Centro resulta:
Epígrafe: 3.
Tipo praza: 1.

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Orde do 11 de marzo de 2008 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo vacante no Complexo Hospitalario Xeral Calde de Lugo.*

De conformidade co establecido no artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo) de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e en uso das atribucións conferidas a esta consellería,

*DISPÓN:*

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I.